



XUNTA DE GALICIA

SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

María del Carmen López Fraga solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.79231.

As obras solicitadas consisten na construción de once vivendas unifamiliares, no predio con referencia catastral 3251304PJ4235S0001XJ, na zona de policía da marxe esquerda do rego do Lopo; no lugar de Lopo, parroquia de San Cosme de Barreiros (San Cosme), no concello de Barreiros, Lugo.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Barreiros ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 29 de xullo de 2022.- O xefe do Servizo Territorial de Lugo P.S. 18/08/2021, O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias.

R. 2198

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Concello de Oural solicita de Augas de Galicia a autorización de obras na zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27. 82639.

As obras solicitadas consisten nas obras de limpeza de cunetas, colocación de 15 m de cano de PEAD 400 mm, 10 metros de gabiá drenante para facilitar a circulación de augas pluviais e estendido dunha capa de mesturas bituminosas en quente; entre as coordenadas UTM ETRS89 (h29) X= 615.423; Y= 4.823.720 e X= 615.422; Y= 4.823.686, na zona de policía dun rego innominado, afluente do rego de Besteburiz; no lugar de Zarza, parroquia de Miñotos (San Pedro), no concello de Oural, Lugo

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello do Oural ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 27 de xullo de 2022.- O xefe do Servizo Territorial de Lugo P.S. 18/08/2021, O xefe do Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte, Néstor Rodríguez Arias.

R. 2199

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Anuncio

Resolución do 6 de xullo de 2022 da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 30 de xuño de 2022, polo que se outorga a autorización administrativa previa, autorización administrativa de construción e se declara a utilidade

pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos aproveitamentos forestais, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Farrapa II, sito nos concellos de Abadín e A Pastoriza (Lugo) e promovido por Norvento S.L.U. (066-EOL).

En cumprimento do disposto no artigo 34 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, publícase como Anexo a esta resolución o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 30 de xuño de 2022, polo que se outorga a autorización administrativa previa, autorización administrativa de construción e se declara a utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos aproveitamentos forestais, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Farrapa II, sito nos concellos de Abadín e A Pastoriza (Lugo) e promovido por Norvento S.L.U. (066-EOL).

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022.- O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Pablo Fernández Vila.

ANEXO

Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de xuño de 2022 polo que se outorga a autorización administrativa previa, autorización administrativa de construción e se declara a utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos aproveitamentos forestais, das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Farrapa II, sito nos concellos de Abadín e A Pastoriza (Lugo) e promovido por Norvento S.L.U. (066-EOL).

Examinado o expediente iniciado por solicitude de Norvento, S.L.U., en relación coas autorizacións administrativas previa, de construción e declaración de utilidade pública do parque eólico Farrapa II, constan os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro. Por Resolución do 29 de xaneiro de 2007 pola que se publica a relación de solicitudes de autorización para a instalación de parques eólicos admitidas a trámite ao abeiro da Orde do 22 de maio de 2006 (DOG nº 102, do 30 de maio), admiútiuse a trámite o parque eólico Farrapa II (en adiante o parque eólico), cunha potencia de 20 MW.

Segundo. O 6.2.2007 Gamesa Energía, SA solicitou a autorización administrativa, a aprobación do proxecto de execución, a declaración de utilidade pública, en concreto, e a aprobación do proxecto sectorial para o parque eólico.

Terceiro. Por Resolución do 18 de setembro de 2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, autorizouse a transmisión de titularidade do expediente administrativo do parque eólico, de Siemens Gamesa Renewable Energy Wind Farms a Norvento, S.L.U.

Cuarto. O 17.7.2020, Norvento S.L.U presentou solicitude de modificación substancial para o proxecto denominado Parque Eólico Farrapa II (Expediente 066-EOL) ao abeiro da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de compensación Ambiental, modificada pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia (DOG núm. 203, do 25 de outubro de 2017).

Quinto. O 19.1.2021 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático emitiu o informe de referencia do artigo 33.4 da Lei 8/2009, no que indica o procedemento ambiental a seguir e os organismos a consultar durante a fase de información pública.

Sexto. O 3.3.2021 a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu o informe de referencia do artigo 33.5 da Lei 8/2009 onde se indica que os aeroxeradores cumpren as distancias de 500m e se recollen os organismos que deberán emitir informe para a aprobación definitiva do proxecto sectorial.

Sétimo. O 16.3.2021 esta dirección xeral remitiulle a documentación técnica da modificación substancial do proxecto do parque eólico Farrapa II á Xefatura Territorial de Lugo para a continuación da tramitación.

Oitavo. Mediante Acordo do 29 de abril de 2021 da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación de Lugo, someteuse a información pública as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, a declaración de utilidade pública, en concreto, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) do proxecto do Parque Eólico Farrapa II, nos concellos de Abadín e A Pastoriza(Lugo), (expediente 066-EOL).

O dito acordo publicouse no Diario Oficial de Galicia do 12.5.2021 e no xornal El Progreso do 12.5.2021. Así mesmo, permaneceu exposto ao público nos taboleiros de anuncios dos concellos afectados (Abadín e A Pastoriza), e nas dependencias da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xefatura Territorial de Lugo e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xefatura Territorial de Lugo, que emitiron os correspondentes certificados de exposición pública.

A continuación resúmese o contido das alegacións presentadas durante o período de información pública, así como durante a tramitación do expediente, as cales se recollen no Anexo deste acordo:

- Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.
- Impactos ambientais severos.
- Efectos acumulativos (aditivos, sumativos e globais) con parques eólicos próximos sen avaliar.
- Patrimonio cultural inmaterial sen avaliar.
- A totalidade das infraestruturas do proxecto eólico deberan estar incluídas para a súa consulta pública e avaliación global no presente documento de inicio e non noutros proxectos independentes, xa que se está a impedir á cidadanía a avaliación dos impactos ambientais globais do conxunto das infraestruturas do proxecto industrial.
- Actualmente, non existe normativa autonómica específica para regular a actividade eólica, xa que o Plan Sectorial Eólico de Galicia non está vixente.
- Se presenta a información pública un estudo de impacto ambiental que solo aporta información bibliográfica, que ademais é incompleta, e ningunha información propia, sobre un dos grupos de fauna (quirópteros) que vai sufrir os impactos mais graves do conxunto do proxecto.
- Que se esixa ao promotor do proxecto a implementación dun Programa de Vixilancia Ambiental rigoroso.
- Que se teña en conta que o Plan Sectorial Eólico de Galicia é un regulamento que non está adaptado a actual normativa de avaliación de impacto ambiental e que está desfasado, caduco e obsoleto e que carece de avaliación ambiental estratéxica.
- O rexeitamento das solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, a declaración de utilidade pública, en concreto, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal (proxecto de interese autonómico) en relación co proxecto do parque eólico Farrapa II, nos concellos de Abadín e A Pastoriza (expediente 066-EOL) e a súa retirada definitiva pola súa incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais, paisaxísticos e socioeconómicos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licencia social.
- Que o estudo de impacto ambiental avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre: hábitats de conservación prioritaria, hábitats de interese comunitario e a paisaxe dende os miradoiros naturais mais coñecidos.
- Que o estudo de impacto ambiental avalíe a mortalidade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxejas, pasos canadenses, etc.) e nas liñas de evacuación e a adopción de medidas eficaces para mitigala.
- Que o estudo de impacto ambiental avalíe os impactos acumulativos e sinérxicos cos outros parques eólicos (autorizados ou proxectados, incluídas as repotenciacións), así como das restantes infraestruturas asociadas (tendidos eléctricos, subestacións, pistas de acceso, etc.), nun radio de 10-15 km.
- Vulneración da Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental e o Convenio de Aarhus de 1998 sobre o acceso á información, a participación do público e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, que garanten o acceso público a información ambiental.
- Discrepancias sobre a titularidade de dúas parcelas identificadas na Relación de Bense Dereitos Afectados (RBDA) polo proxecto doparque eólico.

Noveno. Durante a tramitación do procedemento, e de acordo co establecido nos artigos 127 e 131 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, a xefatura territorial remitiulle, para a emisión dos correspondentes condicionados técnicos, as separatas do proxecto de execución do parque eólico aos seguintes organismos e empresas de servizo público: Retegal, Cellnex Telecom, S.A., Concello de Abadín, Concello da Pastoriza, Deputación Provincial de Lugo, Axencia Turismo de Galicia, Confederación Hidrográfica Miño-Sil, Endesa Energía, Vodafone, Orange, Masmovil, Yoigo, Telefónica Movistar, e Viesgo.

De acordo co establecido no artigo 33.14 da Lei 8/2009, o prazo para a emisión dos condicionados técnicos do proxecto de execución será dun mes desde a recepción da solicitude. De non recibirse estes condicionados en prazo, entenderase a conformidade co proxecto, e continuarase a tramitación do procedemento.

Décimo. O 6.5.2021 a xefatura territorial emitiu informe indicando que non existen dereitos mineiros vixentes afectados na área delimitada polas coordenadas perimetrais da poligonal do parque eólico Farrapa II.

Décimo primeiro. O 25.5.2021, a Deputación Provincial de Lugo emitiu un informe favorable condicionado ao cumprimento dos condicionantes técnicos relativos á instalación do parque eólico Farrapa II. Con data 28.6.2021 o promotor presentou a súa conformidade.

Décimo segundo. O 2.6.2021 o Servizo de Montes de Lugo emitiu informe en relación cos aproveitamentos forestais afectados polo parque eólico, indicando que o proxecto afecta a:

- A CMVMC de Corda de Neda no Concello de Abadín.
- A CMVMC de Pico de Neda e Veiga de Pumariño (As Goás) no Concello de Abadín.
- A CMVMC de Pico de Neda (Cabaneiro) no Concello de Abadín.

Décimo terceiro. O 6.6.2021, Retegal S.A emitiu condicionado favorable á instalación do parque eólico Farrapa II. Con data 7.7.2021 o promotor presentou a súa conformidade.

Décimo cuarto. O 7.6.2021, Telefónica Movistar emitiu condicionado favorable á instalación do parque eólico Farrapa II. Con data 7.7.2021 o promotor presentou a súa conformidade.

Décimo quinto. O 11.6.2021, a Agencia Estatal de Seguridad Aérea autorizou a instalación do parque eólico, establecendo o correspondente condicionado.

Décimo sexto. O 17.6.2021, o Consello da Xuntade Galicia acordou declarar iniciativa empresarial prioritaria o parque eólico Farrapa II (nº expediente 066-EOL), promovido por Norvento, S.L.U, e por Resolución do 27 de xullo de 2021 da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais declarouse a tramitación de urxencia dos procedementos administrativos correspondentes ao parque eólico Farrapa II (Nº expediente: 066-EOL), promovido por Norvento S.L.U, o que supón a redución á metade dos prazos establecidos para o procedemento ordinario, salvo os relativos á presentación de solicitudes e recursos.

Décimo sétimo. O 8.11.2021, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil emitiu un informe favorable condicionado ao cumprimento dos condicionantes técnicos relativos á instalación do parque eólico Farrapa II. Con data 25.11.2021 o promotor presentou a súa conformidade.

Décimo oitavo. O 2.9.2021 a xefatura territorial emitiu informe de referencia do artigo 33.16 da Lei 8/2009 relativo á normativa de instalacións industriais e eléctricas sobre o proxecto do parque eólico.

Décimo noveno. O 16.9.2021 a xefatura territorial remitiu o expediente a esta dirección xeral para continuar coa tramitación do procedemento, de acordo co previsto no artigo 33.16 da Lei 8/2009.

Vixésimo. Con respecto ao estudo de impacto ambiental, solicitáronse informes aos seguintes organismos: Confederación Hidrográfica Miño-Sil, Axencia Turismo de Galicia, Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Dirección Xeral de Saúde Pública, Instituto de Estudos do Territorio, Concello de Abadín e Concello da Pastoriza.

Cumprimentada a tramitación ambiental, o 3.12.2021, a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático formulou a Declaración de Impacto Ambiental (DIA) relativa ao parque eólico, que se fixo pública polo Anuncio do 9 de decembro de 2021 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG nº 244, do 22 de decembro de 2021).

Vixésimo primeiro. O 3.3.2022 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais efectuou o trámite de audiencia previsto no artigo 45.3 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, cos titulares dos montes veciñais en man común afectados (Corda de Neda, Pico de Neda e Veiga de Pumariño (As Goás) e Pico de Neda (Cabaneiro)) de acordo co informe do Servizo de Montes de Lugo recollido no antecedente de feito décimo segundo, concedéndolles un prazo de quince días para presentar as alegacións que estimasen oportunas. Transcorrido o dito prazo, non se presentaron alegacións.

Vixésimo segundo. O 8.3.2022 Norvento S.L.U presentou a declaración responsable dos acordos alcanzados cos titulares dos bens e dereitos afectados así como a relación dos titulares dos bens e dereitos afectados cos que non se chegou a acordos actualizada coa información das alegacións recibidas e os cambios de titularidade propostos derivados da investigación.

Vixésimo terceiro. O 11.4.2022a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais requiriulle ao promotor a documentación técnica refundida resultante como consecuencia dos diversos condicionados técnicos e alegacións realizadas polos distintos organismos durante o proceso de información pública.

Vixésimo cuarto. O 12.5.2022 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais recibiu da Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal informe do Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Lugo do 11.5.2022, en relación ao artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, informando favorablemente sobre a compatibilidade dos aproveitamentos forestais da modificación substancial do parque eólico Farrapa II.

Vixésimo quinto. O 18.5.2022 Norvento S.L.U presentou a documentación técnica refundida mencionada no antecedente de feito vixésimo terceiro.

Vixésimo sexto. O 31.5.2022o Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación emitiu informe sobre o proxecto refundido do parque eólico.

Vixésimo sétimo. O parque eólico conta cos dereitos de acceso e conexión á rede para unha potencia de 20 MW, segundo o informe do xestor da rede do 15.10.2018.

Aos antecedentes de feito descritos sonlle de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. O Consello da Xunta de Galicia é competente para resolver este procedemento con fundamento no Estatuto de Autonomía de Galicia e na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de compensación Ambiental, modificada pola disposición derradeira sétima da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia (DOG nº 203, do 25 de outubro de 2017), pola disposición derradeira sexta da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (DOG núm. 39, do 26 de febreiro) e pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31 de decembro).

Segundo. No expediente instruído para o efecto cumpríronse os trámites de procedemento establecidos na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada pola Lei 4/2014, do 8 de maio, pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro e pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais normas vixentes de aplicación.

Terceiro. En relación coas alegacións presentadas durante a tramitación do expediente, recollidas no Anexo 1 deste acordo, e resumidas no antecedente de feito oitavo, visto o seu contido e as respostas efectuadas pola promotora, cómpre manifestar o seguinte:

1. En relación coa titularidade e características dos bens e dereitos afectados, tomouse razón de todas as manifestacións e documentos presentados polas persoas interesadas e corresponde á fase de levantamento de actas previas, dentro do eventual procedemento expropiador, a determinación efectiva da titularidade dos bens e dereitos afectados e das súas características (localización, extensión, tipo de aproveitamento,...), así como das afeccións reais do proxecto sobre eles.
2. No que respecta ás alegacións de carácter ambiental indicar que estas foron tidas en conta na Declaración de Impacto Ambiental emitida pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o 3.12.2021, e onde se recollen as condicións desde un punto de vista ambiental nas que se pode desenvolver o proxecto, así como as medidas correctoras e compensatorias necesarias e a necesidade dun plan de vixilancia ambiental.
Durante o trámite de avaliación de impacto ambiental ao que o proxecto foi sometido, recibíronse informes dos seguintes organismos: direccións xerais do Patrimonio Cultural, do Patrimonio Natural, de Emerxencias e Interior, e da Dirección Xeral de Saúde Pública, do Instituto de Estudos do Territorio, da Axencia Turismo de Galicia e da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.
3. Respecto ás alegacións sobre a falta de información ambiental, de difusión e claridade da información pública cabe remitirse ao indicado no antecedente de feito oitavo, no que se recollen as diferentes publicacións do Acordo do 29 de abril de 2021 (Diario Oficial de Galicia do 12.5.2021 e no xornal El Progreso do 12.5.2021). Así mesmo, a dita resolución e a documentación obxecto da información pública estiveron a disposición de todas aquelas persoas interesadas nos Concellos de Abadín e da Pastoriza e na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xefatura Territorial de Lugo e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xefatura Territorial de Lugo.
Así mesmo realizouse, a notificación individual da solicitude de declaración de utilidade pública en concreto, aos titulares que figuraban na relación de bens e dereitos afectados.
4. As alegacións de carácter urbanístico, relativas á cualificación do solo correspondente aos terreos afectados, serán consideradas no momento de proceder á resolución da aprobación do proxecto de interese autonómico.
5. No que respecta á validez e aplicación do Plan Sectorial Eólico de Galicia, cómpre subliñar que este segue vixente e resulta plenamente aplicable. A Lei 8/2009, do 22 de decembro, ampara a plena vixencia e aplicabilidade do plan preexistente en tanto non se aprobe o novo previsto, ao establecer na súa disposición transitoria terceira que “en tanto non se aprobe un novo plan sectorial eólico de Galicia entenderase aplicable o actualmente vixente en todo aquilo que non se opoña ao establecido nesta lei”.
Á marxe do anterior, cómpre lembrar que na tramitación de cada procedemento de autorización de parques eólicos a Administración observa a normativa ambiental en vigor, incorporando aos expedientes os informes e actuacións legalmente esixibles.
Así mesmo, en relación coa necesidade de someter o Plan sectorial eólico de Galicia ao trámite de avaliación ambiental estratéxica, cómpre manifestar que este plan foi aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia o 1 de outubro de 1997, publicándose o acordo no DOG do 15.12.1997.

Posteriormente, publicouse no DOG do 3.1.2003 o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 5.12.2002, polo que se aproba definitivamente a modificación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal do Plan Eólico de Galicia.

En ambos casos cumpriuse co disposto no procedemento de aprobación, segundo o establecido na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e no Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

Cómpre ter en conta que coa aprobación da primeira lei de avaliación ambiental estratéxica, Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, todos os plans tramitados polas Administracións Públicas deben someterse a avaliación ambiental. Non obstante, a propia lei recollía unha moratoria para os plans que estaban nese ano nun estado moi avanzado de tramitación. Logo este procedemento ambiental soamente obriga aos plans que iniciaron a súa tramitación a partir do ano 2006 e non pode aplicarse con efectos retroactivos.

Cuarto. En relación coa compatibilidade entre o parque eólico e os dereitos mineiros que afectan á súa poligonal, a xefatura territorial emitiu informe o 6.5.2021 (antecedente de feito décimo). Neste último conclúese o seguinte:

- Non constan dereitos mineiros vixentes na provincia de Lugo na zona definida na documentación achegada.
- Non procede, en termos da vixente normativa en materia de minas, trámite de compatibilidade ningún.

Quinto. No que respecta á compatibilidade do parque eólico cos montes afectados, e de acordo co establecido no artigo 45.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, finalizado o trámite de audiencia coas CMVMC de Corda de Neda, de Pico de Neda e Veiga de Pumariño (As Goás) e de Pico de Neda (Cabaneiro), o 12.5.2022 a Dirección Xeral de Planificación e Ordenación Forestal remítelle á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais informe sobre a compatibilidade dos aproveitamentos forestais afectados do 11.5.2022 realizado polo Servizo de Montes da Xefatura Territorial de Lugo que se transcribe a continuación:

“Finalizado o trámite de audiencia e sen ningún cambio no proxecto presentado e visto o informe do Distrito X, este Servizo informa no sentido que non existen masas forestais de interese que resulten afectadas polo parque eólico Farrapa II.

Polo cumprimento do artigo 53 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio a reactivación económica de Galicia, infórmase favorablemente sobre a compatibilidade do parque eólico Farrapa II.

Sexto. A continuación recóllese a información esixida nas letras a) e b) do artigo 42.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, a respecto da Declaración de Impacto Ambiental (DIA) das instalacións do parque eólico Farrapa II, formulada pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o 3.12.2021, e recollida no antecedente de feito vixésimo deste acordo:

a) A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático resolveu: “Formular a declaración de impacto ambiental do parque eólico Farrapa II, considerando que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpra, ademais do recollido no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado que figura ao longo deste documento, tendo en conta que no caso de que exista contradición entre eles, prevalecerá o disposto nesta DIA.”

b) A DIA que nos ocupa refírese ás instalacións do parque eólico Farrapa II.

Nos epígrafes 4 e 5 da DIA recóllense as condicións que complementan, matizan ou subliñan as incluídas no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, distribuídas nos seguintes ámbitos:

4. Condicións ambientais

4.1. Condicións particulares

4.2. Condicións xerais

4.2.1 Protección da atmosfera

4.2.2 Protección das augas e leitos fluviais

4.2.3 Protección do solo e infraestruturas

4.2.4 Xestión de residuos

4.2.5 Protección da fauna, vexetación e hábitats naturais

4.2.6 Integración paisaxística e restauración

4.3. Outras condicións.

5. Programa de Vixilancia e Seguimento Ambiental

5.1. Aspectos xerais

5.2. Aspectos específicos

5.3. Informes do programa de vixilancia

De acordo con todo o que antecede, e no exercicio das competencias que ten atribuídas, o Consello da Xunta de Galicia adopta o seguinte **ACORDO**

Primeiro. Outorgar autorización administrativa previa ás instalacións do parque eólico Farrapa II, sito no concellos de Abadín e A Pastoriza (Lugo) e promovido por Norvento S.L.U., para unha potencia de 20 MW.

Segundo. Outorgar autorización administrativa de construción ao proxecto de execución das instalacións do parque eólico Farrapa II, composto polo documento *Proyecto de Ejecución Parque Eólico Farrapa II*, asinado polo enxeñeiro industrial Pablo Fernández Castro (colexiado nº 985/201 do Colexio Nacional de Enxeñeiros do ICAI) e visado no referido colexio co nº 0192/22 do 17.5.2022.

As características principais recollidas no proxecto son as seguintes:

Solicitante: Norvento S.L.U.

Enderezo social: Ramón María Aller Ulloa, 23, 27003 Lugo

Denominación: parque eólico Farrapa II

Potencia instalada: 20 MW

Potencia autorizada: 20 MW

Producción neta: 81.695 MWh/ano

Horas equivalentes netas: 4.085 h

Concellos afectados: Abadín e A Pastoriza (Lugo)

Orzamento de execución por contrata: 16.984.099,58 euros

Coordenadas perimétricas da poligonal do parque eólico, ás que se circunscriben as autorizacións:

Vértice poligonal	Coordenadas UTM	
	(Fuso 29 ETRS89)	
	X	Y
1	623.876	4.799.787
2	623.876	4.801.705
3	626.048	4.802.995
4	627.044	4.802.995
5	627.673	4.801.010
6	625.652	4.800.620
7	624.777	4.799.787

Coordenadas dos aeroxeradores do parque eólico:

Aeroxerador	Coordenadas UTM	
	(Fuso 29 ETRS89)	
	X	Y
FAR1	624.095	4.800.810
FAR2	624.383	4.800.558
FAR3	624.548	4.800.237
FAR4	625.216	4.801.129
FAR5	625.207	4.800.669

Coordenadas da subestación do parque eólico:

Subestación	Coordenadas UTM	
	(Fuso 29 ETRS89)	
	X	Y
SUB	627.143	4.801.538
ENV A	627.099	4.801.557
ENV B	627.131	4.801.569
ENV C	627.157	4.801.557
ENV D	627.167	4.801.527
ENV E	627.126	4.801.513
ENV F	627.106	4.801.529

Características técnicas das instalacións eléctricas de produción, interconexión e transformación:

- 5 aerogeradores de ata 4 MW de potencia nominal unitaria, de ata 114 m de altura de buxeiro, ata 155 m de diámetro de rotor e ata 180 m de punta de pa.
- 5 centros de transformación de ata 5.500 kVA de potencia nominal unitaria e relación de transformación 0,69/30 kV, instalados unitariamente no interior da góndola de cada aerogerador, co seu correspondente equipamento de seccionamento, manobra e protección.
- Rede de media tensión soterrada para evacuación de enerxía a 30 kV, de interconexión entre os centros de transformación dos aerogeradores 0,69/30 kV e la subestación transformadora 30/132 kV, composta por 2 circuitos con condutores tipo RHZ1-OL 18/30 kV Al de distintas seccións (240-400 mm²).
- Subestación transformadora 30/132 kV, con edificio de control, para evacuación de enerxía producida no parque eólico, composta por un transformador principal 30/132 kV, de 18,75/25 MVA ONAN/ONAF e un transformador de servizos auxiliares 30/0,4 kV de 100 kVA cos correspondentes equipos de control, seccionamento, manobra, medida e protección.
- Van destensado de 65 m de lonxitude en condutor LA-280, de conexión entre o pórtico da subestación e o apoio existente da LAT 132 kV AP nº 35 LAT Sub. Mondoñedo-Sub. Meira/Sub. PE Farrapa I, Neda e Farrapa II.
- Obra civil consistente en camiños de acceso aos aerogeradores, subestación, edificio de control, cimentacións, plataformas de aerogeradores e gabias de cableado.

Terceiro. Declarar a utilidade pública, en concreto, das instalacións do proxecto do parque eólico, segundo o previsto nos artigos 54 e 56 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, o que leva implícita a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implica a urxente ocupación aos efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 (*BOE nº 351, do 17 de decembro*).

Cuarto. Declarar a compatibilidade do parque eólico cos montes veciñais en man común afectados: (Corda de Neda, Pico de Neda e Veiga de Pumariño (As Goás) e Pico de Neda (Cabaneiro)).

A presente autorización axustarase ao cumprimento das seguintes condicións:

1. Consonte ao disposto no artigo 4 do Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental, Norvento S.L.U. constituirá, con carácter previo ao inicio das obras, unha fianza para garantir o cumprimento do deber de restaurar os terreos ocupados polo parque eólico na fase de obras. O importe da fianza fíxase, por proposta da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en 107.043 euros.

A dita fianza depositarase na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, en calquera das formas sinaladas no artigo 11.3 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, sobre réxime de instalación, ampliación e traslado de industrias. A súa devolución efectuarase de acordo co establecido no artigo 6 do Decreto 455/1996, do 7 de novembro, unha vez depositada a fianza para garantir o deber de restaurar os terreos ocupados na fase de desmantelamento.

2. Para a inscrición da instalación no Rexistro Autonómico creado pola Orde da Consellería de Industria e Comercio do 5 de xuño de 1995 (*DOG nº 135, do 14 de xullo*), a promotora efectuará a correspondente solicitude, de acordo co procedemento regulamentariamente establecido.

3. A instalación adaptarase ao procedemento de captación e procesamento de datos de produción de enerxía eléctrica de Galicia regulamentado pola Orde da Consellería de Innovación e Industria, do 23 de xaneiro de 2009, pola que se establece o procedemento para a captación e procesamento dos datos de produción enerxética das instalacións acollidas ao réxime especial de produción de enerxía eléctrica na Comunidade Autónoma de Galicia (*DOG nº 37, do 23 de febreiro*).

4. Con anterioridade ao prazo dun mes do inicio das obras, a promotora deberá achegar á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais o Plan de vixilancia e seguimento ambiental, de acordo coas consideracións establecidas no punto 5 da Declaración de Impacto Ambiental.

5. Conxuntamente coa solicitude de autorización de explotación das instalacións, a promotora deberá presentar ante a xefatura territorial un certificado de final de obra suscrito por técnico facultativo competente, no que conste que a instalación se realizou de acordo coas especificacións contidas no proxecto de execución que por este acordo se aproba, así como coas prescricións da regulamentación técnica aplicable á materia, de acordo co artigo 132 do Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.

Así mesmo, deberá presentar ante a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais un plano "As Built" e outro plano cartográfico en formato "shape" das instalacións do parque eólico.

6. Unha vez construídas as instalacións autorizadas, e con carácter previo á súa posta en servizo, a Xefatura Territorial de Lugo da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación inspeccionará a totalidade das obras e montaxes efectuados e verificará o cumprimento das condicións establecidas neste acordo e as demais que sexan de aplicación.

7. No caso de que se manifestasen perturbacións na recepción do sinal da TDT, directamente atribuíbles ás instalacións do parque eólico, Norvento S.L.U. deberá adoptar as medidas necesarias para devolverlle á recepción do sinal as anteriores condicións de calidade.

8. De conformidade coa disposición transitoria cuarta da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, o promotora disporá dun prazo de tres anos, a contar desde a notificación da autorización administrativa de construción, para solicitar a correspondente autorización de explotación. En caso de incumprimento, poderá producirse a revogación das mencionadas autorizacións nos termos establecidos no apartado 10 do artigo 53 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, ou norma que a substitúa.

9. O parque eólico deberá cumprir cos requisitos que se recollan nos procedementos de operación aprobados polo Ministerio para a Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico, que lle resulten de aplicación.

10. A promotora deberá dar cumprimento a todas as condicións establecidas na Declaración de Impacto Ambiental do 3.12.2021, así como ás establecidas no correspondente programa de vixilancia e seguimento ambiental.

11. De acordo co establecido no artigo 53.10 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, o incumprimento das condicións e requisitos establecidos nas autorizacións ou a variación substancial dos presupostos que determinaron o seu outorgamento poderán dar lugar á revogación das autorizacións, previa audiencia do interesado.

12. Esta autorización outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións, licenzas ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

13. Este acordo publicarase no Diario Oficial de Galicia de acordo co establecido no artigo 34.3 da Lei 8/2009, do 22 de decembro.

Contra este acto, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación deste acordo, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

ANEXO 1. ALEGACIÓNS PRESENTADAS DURANTE A TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO

Ismael Antonio López Pérez, en representación da Asociación Ambiental Petón do Lobo o 22.05.2021, o 19.06.2021 o 04.09.2021 e o 22.12.2021; Pedro Rodríguez López o 22.05.2021; Carlos Penedo Casmartiño o 24.05.2021; Sociedade Galega de Historia Natural o 27.05.2021; Miguel Varela Portas Castro o 03.06.2021; Juan Jesús Juncal Caldas o 10.06.2021; María Durán Beloso, en representación da Asociación Amigos da Terra o 16.06.2021; Alicia López Pardo o 22.06.2021; Asociación Española para Conservación de los Murciélagos (SECEMU) o 24.06.2021 e o 11.08.2021; María Pilar Seijo Leiras o 25.08.2021.

ANEXO 2. RELACIÓN DE BENS E DEREITOS AFECTADOS PARQUE EÓLICO FARRAPA II

Nº PARCELA	TITULAR PROPOSTO	PARCELA					AFECCIÓNS (m²)						
	NOME	DATOS CATASTRAIS			PARAXE	CULTIVO	PLENO DOMINIO		SERVIDUME DE PASO		SERVIDUME DE VOO (AERO)	SERVIDUME DE VOO (VAN)	OUTRAS AFECCIÓNS
		REFERENCIA CATASTRAL	POL.	PAR C.			ZAP-PLAT.	SUB .	VIAL/VIAL-GABIA	GABIA			OT
CONCELLO DE ABADÍN													
1	González Oseira, Enriqueta	27001B503002650000UH	503	265	Barranca	Prado							151
2	Lorenzo Grandío, María Norma	27001B502001870000UE	502	187	Chao Da Corda	Prado							162
	Lorenzo Grandío, Adicta												
	Lorenzo Grandío, Oliva												
3	Paz Paz, Darío	27001B502001830000UD	502	183	As Abelairas	Prado							67
4	García López, María Pilar	27001B502001840000UX	502	184	Fonte Sapo	Prado							285
5	Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Entidade Xestora do Banco De Terras de Galicia)	27001B502001400000UP	502	140	Chao Do Rei	Prado		4.841				666	
	Lozano Prado, José Manuel (Arrendatario)												
	Barja Folgueira, Elia (Arrendatario)												
6	Lozano Prado, José Manuel	27001B501000090000UR	501	9	Porto Coba	Prado					1.183		
	Barja Folgueira, Elia												
7	RivasGoás, Estrella Ramona	27001A043000990000FO	43	99	A Corda	Prado							2.376
	GauteRivas, Armando												
	GauteRivas, María Del Pilar												
	GauteRivas, María José												
8	Lamela Gaute, María José	27001C502001810000QK	502	181	Campo Verde	Prado			2.215		3.178		764
	Lamela Gaute, José María												
	Lamela Gaute, María Sagrario												
10	Sistemas Energéticos Serra de Lourenzá S.A.	27001C502001790000QR	502	179	O Campo Verde	Monte Baixo			80		849		
11	Pedreira Pedreira, Raimundo	27001C502001780000QK	502	178	O Campo Verde	Monte Alto					18		22
	Gómez Aira, María Carmen												
12	Lende Vidal, María del Pilar	27001C502001770000QO	502	177	O Campo Verde	Monte Baixo			87				
13	Lamela Gaute, María José	27001C502001740000QT	502	174	Fonte Faixal	Monte Alto			567	1.193	685		
	Lamela Gaute, José María												

Nº PARCELA	TITULAR PROPOSTO	PARCELA					AFECCIÓNS (m²)						
	NOME	DATOS CATASTRAIS			PARAXE	CULTIVO	PLENO DOMINIO		SERVIDUME DE PASO		SERVIDUME DE VOO (AERO)	SERVIDUME DE VOO (VAN)	OUTRAS AFECCIÓNS
		REFERENCIA CATASTRAL	POL.	PAR. C.			ZAP-PLAT.	SUB.	VIAL/VIAL-GABIA	GABIA			OT
	Lamela Gaute, María Sagrario												
14	Coira Requeijo, Claudio	27001C502001760000QM	502	176	Curro Da Corda	Monte Alto			652				
15	Herederosde Souto Gaute, Santiago	27001C502001750000QF	502	175	Campo Verde	Monte Alto			236				
	Herederosde Souto Gaute, Salvador												
16	RivasGoás, Estrella Ramona	27001A041001220000FI	41	122	A Corda	Prado			834	300			
	GauteRivas, Armando												
	GauteRivas, María del Pilar												
	GauteRivas, María José												
17	RivasGoás, Estrella Ramona	27001A041001200000FD	41	120	A Corda	Prado			241				
	GauteRivas, Armando												
	GauteRivas, María del Pilar												
	GauteRivas, María José												
18	RivasGoás, Estrella Ramona	27001A041001180000FX	41	118	A Corda	Prado	85			891		1.448	
	GauteRivas, Armando												
	GauteRivas, María del Pilar												
	GauteRivas, María José												
19	RivasGoás, Estrella Ramona	27001C502001730000QL	502	173	A Corda	Prado	4.361		1.303	495	10.206	864	
	GauteRivas, Armando												
	GauteRivas, María del Pilar												
	GauteRivas, María José												
20	RivasGoás, Estrella Ramona	27001C502001720000QP	502	172	A Corda	Prado				327			
	GauteRivas, Armando												
	GauteRivas, María del Pilar												
	GauteRivas, María José												
21	Coira Requeijo, Claudio	27001C502001670000QG	502	167	Prado Da Corda	Monte Alto			484				
22	RivasGoás, Estrella Ramona	27001B501000300000UB	501	30	Creixal	Monte Alto			1.184				
	GauteRivas, Armando												
	GauteRivas, María del Pilar												

Nº PARCELA	TITULAR PROPOSTO	PARCELA					AFECCIÓNS (m²)						
	NOME	DATOS CATASTRAIS			PARAXE	CULTIVO	PLENO DOMINIO		SERVIDUME DE PASO		SERVIDUME DE VOO (AERO)	SERVIDUME DE VOO (VAN)	OUTRAS AFECCIÓNS
		REFERENCIA CATASTRAL	POL.	PARC.			ZAP-PLAT.	SUB.	VIAL/VIAL-GABIA	GABIA			OT
	GauteRivas, María José												
23	Herdeiros De Pardiño Castiñeira, Escelina	27001B501000850000US	501	85	Os Melaos	Monte Baixo			14				
24	Rodríguez García, Amadora	27001A053000920000FT	53	92	As Costas De Abadín	Monte Baixo				331			
25	Iglesias Fernández, María Yolanda	27001A053000930000FF	53	93	Costa De Abadín	Monte Baixo				2.500			
26	Descoñecido	27001A053000940000FM	53	94	Costa De Abadín	Monte Baixo				395			
27	Descoñecido	27001A053001650000FI	53	165	Costa De Abadín	Monte Baixo				1.352			
28	López Rico, Alicia	27001A053000140000FW	53	14	O Curro Da Carballa	Prado				1.303			
29	Oseira Lorenzo, Tomás	27001A053000150000FA	53	15	Curro De Riba	Prado	593			2.732		1.410	
30	Sistemas Energéticos Mondoñedo-Pastoriza S.A.	27001A053000160000FB	53	16	O Curro Dos Chaos	Monte Baixo	3.347		65	2.869		31	
31	Seijo Leiras, María Pilar	27001A053001600000FO	53	160	Prado Dos Chaos	Monte Alto			1.361	388		418	
32	Rey Souto, Jaime Barrela Vázquez, María Hilda	27001A053000170000FY	53	17	Chao Grande	Prado			1.319	1.943			
34	Iglesias Fernández, María Yolanda	27001A053000190000FQ	53	19	Curro Medio	Prado			231				
35	Pardo Insua, María Cruz	27001A053000200000FY	53	20	Chaos Do Cabaneiro	Monte Alto-Monte Baixo			247	1.901			
36	Iglesias Fernández, María Yolanda	27001A053000210000FG	53	21	Curro De Riba Dos Chaos	Prado			107	3.984			
37	Expósito López, José Jandito	27001A053000220000FQ	53	22	Chaos	Prado	3.647		831	4.700		1.700	
38	Rey Souto, Jaime Barrela Vázquez, María Hilda	27001A053001520000FP	53	152	Chaos	Prado			1.255	2.918		1.144	
39	Rodríguez Portela, María del Carmen	27001A053000230000FP	53	23	Roza Dos Chaos	Monte Baixo			360				
40	Rego Souto, Emilio	27001A053000240000FL	53	24	Monte Rocha	Monte Baixo			407				
41	Rey Barrela, José Rodríguez París, Tania	27001A053000480000FB	53	48	Roza Da Capilla	Prado			122				
42	Oseira Lorenzo, Albino	27001A053001530000FL	53	153	Capilla	Prado			128				

Nº PARCELA	TITULAR PROPOSTO	PARCELA					AFECCIÓNS (m²)						
	NOME	DATOS CATASTRAIS			PARAXE	CULTIVO	PLENO DOMINIO		SERVIDUME DE PASO		SERVIDUME DE VOO (AERO)	SERVIDUME DE VOO (VAN)	OUTRAS AFECCIÓNS
		REFERENCIA CATASTRAL	POL.	PAR. C.			ZAP-PLAT.	SUB.	VIAL/VIAL-GABIA	GABIA			OT
43	Herederosde Basanta Ares, José	27001A053000510000FB	53	51	Roza Da Capilla	Prado			238				
44	Barrela Vázquez, María Hilda	27001A053000520000FY	53	52	Curro De Riba	Prado			279				
45	Herdeiros de Basanta Ares, José	27001A053000530000FG	53	53	A Roza	Prado			624				
46	Iglesias Fernández, Argimiro Faustino	27001A053000550000FP	53	55	Villagal a	Monte Baixo			246				
47	Díaz Reinante, Elvira	27001A053000560000FL	53	56	Cadaval	Monte Baixo			339				
48	Iglesias Méndez, Antonia	27001A053000570000FT	53	57	Roza Moura	Monte Baixo			1.406	1.815			
	Herdeiros de Iglesias Méndez, Basilisa												
49	González Rivas, Amadeo	27001A053001440000FA	53	144	Roza Moura	Monte Baixo			4				
	Díaz Carracedo, Albina												
	Díaz Otero, Maribel												
	Otero Bouso, Josefa												
50	González Rivas, Amadeo	27001A053001110000FW	53	111	Roza Moura	Monte Baixo			71				
	Díaz Carracedo, Albina												
	Díaz Otero, Maribel												
	Otero Bouso, Josefa												
51	Lende Pardiño, Manuel Raúl	27001A053001120000FA	53	112	Curro Da Corda	Monte Baixo			698				98
	Anello Balseiro, María Carmen												
52	Seijas Leiras, Raimundo	27001A053001130000FB	53	113	O Curro Da Corda	Monte Baixo			1.441	1.997			562
53	Barrela Vázquez, María Hilda	27001A053001140000FY	53	114	Roza Moura	Prado	1.673		387	4.207			412
56	Verdes Fernández, María de Los Ángeles	27001A053001180000FL	53	118	Cadaval	Monte Baixo			27				
57	Lende Pardiño, Manuel Raúl	27001A053001190000FT	53	119	Cadaval	Monte Baixo			605				
	Barro Pedreira, Mariadel Carmen												
58	Riverade Soto, José María	27001A053001200000FP	53	120	Cadaval	Monte Baixo			954				
59	Verdes Fernández, María Ángeles	27001A053001210000FL	53	121	Cadaval	Monte Baixo			374				

Afeccións en pleno dominio

- ZAP-PLAT: zapata-plataforma aeroxeradores.
- SUB: subestación.

Afeccións por servidume de paso:

- VIAL/VIAL-GABIA: servidume de paso dos viais.
- GABIA: servidume de paso soterrado de enerxía eléctrica

Afeccións por servidume de voo: afeccións por servidume de voo.

Outras afeccións:

- OT: ocupación temporal.

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2022.- O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, Pablo Fernández Vila.

R. 2090

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO PRIMEIRO E SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2022.

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, faise pública a relación de subvencións directas, nominativas e de carácter excepcional, tramitadas pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes) da Excma. Deputación Provincial de Lugo no primeiro e segundo trimestre do ano 2022.

Entidade	CIF	Tipo subvención	Finalidade	Aplicación orzamentaria	Importe	Órgano de aprobación
Club Baloncesto Chantada	G27210855	Nominativa	Subvención gastos de tempada	3410.48900	19.000,00 €	Presidencia
Fundación Imdecum	G27404219	Nominativa	Subvención promoción fútbol sala na provincia	3410.48900	25.000,00 €	Presidencia
Club de piragüismo cidade de Lugo	G27107176	Nominativa	Subvención gastos tempada	3410.48900	15.000,00 €	Presidencia
Escudería Pontenova	G27412840	Nominativa	Subvención organización Subida á Pontenova	3410.48900	7.000,00 €	Presidencia

Entidade	CIF	Tipo subvención	Finalidade	Aplicación orzamentaria	Importe	Órgano de aprobación
AUXILIAR DE CULTURA	1	---
TÉCNICO DE TURISMO	1	---
BIBLIOTECARIO MUNICIPAL	1	---
BEDEL CONSERXE	1	--
DIRECTOR ESCOLA DE MUSICA	1	1
PROFESORES ESCOLA DE MÚSICA (P)	6	6
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1	1
ENCARGADO DE RADIO FOZ	1	---
LOCUTOR DE RADIO FOZ	2	---
UNIDADE DE DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL		
EDUCADOR SOCIAL	1	---
AUXILIAR DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	1	1
UNIDADE DE EDUCACIÓN.		
AUXILIAR UNED	1	1
TOTAL	68	38

E segundo o establecido no artigo 103.bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, a masa salarial do persoal laboral ao servizo do Concello de Foz, que ascende a 1.989.803,12 euros, a cal debe ser publicada na sede electrónica da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia ou no seu caso da Comunidade Autónoma uniprovincial no prazo de 20 días.

Foz, a 3 de agosto de 2022.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserio.

R. 2216

Anuncio

O pleno do concello de Foz, mediante acordo acadado na sesión ordinaria celebrada o 28 de xullo de 2022, adoptou o seguinte acordo, no procedemento de expropiación dos bens e dereitos previstos para a execución do anteproxecto "CONDUCIÓNS XERAIS E NOVA EDAR DE FOZ" de clave: OH.327.661:

PRIMEIRO.- Examínanse, analízanse e cualifícanse someramente as alegacións presentadas, asumindo o contido do informe emitido ao respecto por Consultoría Gallega de Tasaciones y Valoraciones S.L. e informe complementario emitido por Delfa Losa Abogados SLP, obrantes no expediente.

(...)

Á vista das alegacións formuladas, o Pleno resolverá e acordará instar ao órgano competente -Consello da Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 27.2 e 28.2 do Estatuto de Autonomía a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados.

Procede desestimar as alegacións presentadas, excepto as referidas as parcelas 5, 10 e 34, así como as complementacións das titularidades das parcelas 4 e 25.”

SEGUNDO.- Desestimar, segundo a fundamentación recollida nos informes referidos e transcritos no punto primeiro, as alegacións presentadas, excepto as referidas as parcelas 5, 10 e 34.

TERCEIRO.- Acordar a complementación das titularidades das parcelas 4 e 25, sen prexuízo, no seu momento, da acreditación fehaciente da titularidade por parte dos interesados no procedemento expropiatorio.

CUARTO.- Dar conformidade de modo definitivo ao Anteproxecto “Conducións xerais e nova EDAR de Foz. Foz (Lugo)”, de clave: OH.327.661 -e aprobar de modo definitivo o documento complementario ó mesmo redactado polos servizos técnicos municipais, ratificando o acordo adoptado por este Pleno en data 3 de marzo de 2022.

QUINTO.- Considerar que, co actuado, queda constatada a necesidade de ocupación dos bens e dereitos a que se refire este expediente, e, en consecuencia, acordar a necesidade de ocupación dos mesmos, considerando que este Acordo inicia o expediente expropiatorio. Acordar, consecuentemente, a necesidade de ocupación dos terreos afectados pola expropiación de conformidade co Anteproxecto “Conducións xerais e nova EDAR de Foz. Foz (Lugo)”, de clave: OH.327.661 e documento complementario ao mesmo aprobados polo Pleno da Corporación en data 3 de marzo de 2022, coas variacións referidas nos puntos segundo e terceiro que anteceden.

De conformidade co sinalado no punto segundo que antecede e tendo en conta o carácter inembargable dos bens e dereitos de dominio público, que establece o artigo 30 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, **EXCLUIR** do expediente expropiatorio **os terreos de titularidade pública, segundo consta nas alegacións presentadas, ACORDANDO SOLICITAR** a correspondente **CONCESIÓN DEMANIAL** para a súa ocupación, sen prexuízo da posterior **EXCLUSIÓN** durante a tramitación do procedemento do resto de bens que tamén poidan resultar de titularidade pública. **ACORDAR** así mesmo, a **exclusión** do presente expediente de expropiación, **dos bens de titularidade municipal do Concello de Foz e realizar os trámites necesarios para** a correspondente **CESIÓN** e **efectiva posta a disposición dos terreos** para execución das obras recollidas no Anteproxecto.

De conformidade co sinalado no punto terceiro que antecede, complementar a titularidade das parcelas 4 e 25, segundo consta nos informes emitidos sobre as alegacións presentadas.

De conformidade co anterior, aprobar, con carácter definitivo a relación concreta, individualizada e valorada dos bens de dereitos a ocupar necesariamente para a execución das obras, así como a designación nominal dos interesados cos que deben entenderse os sucesivos trámites, segundo consta no documento complementario ao Anteproxecto, coas rectificacións e complementacións acordadas nos puntos que anteceden:

N.º finca	Ref catastral	Localización	Ocupación temporal	Ocupación Definitiva	Valoración aprox	Titular segundo expte
1	0953001PJ4205S0001DT	Rúa dos Asteleiros, 2, Foz. 27780, Lugo.	900 m2.	576 m2	20.060,56 €	Comandancia de Marina
2	27019C001090080000HJ	N-642 a Viveiro	4.540 m ²	-----	711,65 €	MOPTMA
3	27019C001004000000HI	Forxán, Foz, Lugo	150 m ²	40 m ²	1.528,16 €	Maañón Del Riego, Eugenio
4	27019C001004010000HJ	Veiga Nova, Foz, Lugo	250 m ²	200 m ²	728,89 €	Del Riego Ares, María Mercedes y otros (Eugenio y Adriana Maañón del Riego).

6	27019C001004240000HJ	Veiga Nova, Foz, Lugo	-----	200 m ²	658,35 €	Rodríguez López Leytón, Fortunato
7	27019C001090100000HI	N-642 a Viveiro	-----	-----	-----	MOPTMA
8	27019C001004250000HK	Veiga Nova, Foz, Lugo	-----	152 m ²	500,35 €	Herederos de Alonso Basanta, Alicia
11	27019A001090120000TE	LU-P-2006, Foz, Lugo	880 m ²	-----	137,94 €	Excma. Deputación de Lugo
12	27019A001090020000TO	LU-P-2011, Foz, Lugo	2.156 m ²	-----	337,95 €	Excma. Deputación de Lugo
14	27019C001000580000HA	Lagoa, Foz, Lugo	120 m ²	50 m ²	183,40 €	Arias Castiñeira, Acela Manuela
18	27019C001004150000HQ	As Grandas, Foz, Lugo	-----	2.439 m ²	8.028,58 €	Eiras Rodríguez, Josefa
19	27019C001004140000HG	As Grandas, Foz, Lugo	-----	1.566 m ²	5.220,72 €	Eiras Rodríguez, Josefa
20	27019C001004130000HY	As Grandas, Foz, Lugo	-----	1.555 m ²	5.118,67 €	Eiras Rodríguez, Josefa
21	27019C001004120000HB	As Grandas, Foz, Lugo	-----	1.678 m ²	5.523,56 €	Rodríguez Vizoso, Antonio
22	27019C001004110000HA	As Grandas, Foz, Lugo	-----	2.251 m ²	7.409,73 €	Candia Alonso, María Asunción
23	27019C001104110000HM	As Grandas, Foz, Lugo	-----	1.617 m ²	5.322,76 €	Candia Alonso, Carmen
24	27019C001204110000HS	As Grandas, Foz, Lugo	-----	1.393 m ²	4.585,41 €	Candia Rego, Ramón
25	27019C001004100000HW	As Grandas, Foz, Lugo	-----	1.200 m ²	3.950,10 €	Herederos de Rodríguez Ríos, Ramona (María García Rodríguez)

26	27019C001004090000HB	As Grandas, Foz, Lugo	-----	1.680 m ²	5.503,14 €	Posada Ramos, José Manuel
31	27019C001000040000HT	Pedreiros, Foz, Lugo	-----	92 m ²	302,84 €	Herederos de Núñez Rodríguez, José
32	27019C001000050000HF	Peizás, Foz. Lugo	-----	320 m ²	1.053,36 €	Val Martínez, Juan Alberto
33	27019C001090550000HY	-----	-----	-----	-----	-----

Dar traslado ao Ministerio Fiscal, de conformidade co artigo 5 da Lei, con quen se entenderán as actuacións posteriores, con respecto á parcela con referencia catastral 27019C001090550000H, afectada polo expediente de expropiación, cuxos titulares figuran como descoñecidos, así como ao respecto das parcelas que resulten atoparse nas situacións recollidas no artigo 5 da Lei de Expropiación Forzosa.

SEXTO.- Publicar o presente acordo, na forma que se refire o artigo 18 da Lei de Expropiación Forzosa e 17 do Regulamento, no Boletín Oficial da Provincia, nun dos xornais de maior tirada da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, así como notificar individualmente a cantas persoas aparecen como interesadas no procedemento, segundo o disposto no artigo 21 da Lei e 20 do Regulamento.

SÉTIMO.- Solicitar da Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación forzosa que se contén no Anteproxecto "Conducións xerais e nova EDAR de Foz. Foz (Lugo)", de clave: OH.327.661 -, e o documento complementario ó mesmo, coa finalidade de execución das actuacións previstas no mesmo.

OITAVO.- Asumir, na súa integridade, de forma definitiva, o informe técnico xustificativo da urxente ocupación, como elemento motivador suficiente da mesma.

NOVENO.- Facultar ao Sr. Alcalde, para realizar cantas tramitacións sexan necesarias en orde á solicitude de concesión demanial dos bens de dominio público afectados así como á cesión e efectiva posta a disposición dos terreos de titularidade municipal afectados a favor de Augas de Galicia para a execución das obras.

DÉCIMO.- Que se emita certificación deste acordo xunto con todo o actuado no expediente da súa razón á Dirección Xeral de Administración Local da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, ós efectos oportunos.

En cumprimento do artigo 21 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e 20 do Regulamento, así como no disposto no artigo 52 da referida Lei, faise público o devandito acordo.

En Foz, 3 de agosto de 2022.- O ALCALDE, FRANCISCO CAJOTO CASERIO.

R. 2217

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria por Crédito Extraordinario e suplemento de crédito 2/2022. Expte. 630/2022

Aprobado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o 28 de xullo de 2022 o expediente de modificación orzamentaria consistente en crédito extraordinario e suplemento de crédito 2-2022 por un importe total de 97.283,39 € en cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público, durante un prazo de quince días hábiles, na Secretaría Xeral do Concello, que empezarán a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán dirixirse á Sra. Alcaldesa - Presidenta deste Concello.

Guitiriz, 1 de agosto de 2022.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2207

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía os Padróns fiscais dos servizos de punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de xuño de 2022, do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de xuño de 2022 e servizo público de axuda no fogar (SAF) correspondentes aos meses de maio e xuño de 2022, que comprende os seguintes recibos:

- 1.- Padrón das taxas de prestación do servizo público do punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de xuño de 2022, integrado por 27 recibos por importe total de 720,00 €.
- 2.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de xuño de 2022, integrado por 14 recibos por importe total de 3.476,83 €.
- 3.- Padrón das taxas de prestación do servizo público de axuda no fogar (SAF) na modalidade de libre concorrència e dependencia correspondentes aos meses de maio e xuño de 2022, polos seguintes importes:
 - Modalidade libre concorrència: 3.013,40 €
 - Modalidade dependencia: 10.993,60 €

Os Padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados no caso de que non se produzan reclamacións contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos correspondentes Padróns, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ó do remate da exposición pública dos correspondentes Padróns.

A cobranza en período voluntario das taxas dos padróns dos servizos de punto de atención á infancia (P.A.I.) correspondente ao mes de xuño de 2022, do servizo público de Centro de Día correspondente ao mes de xuño de 2022 e servizo público de axuda no fogar (SAF) correspondentes aos meses de maio e xuño de 2022, terá lugar dende o día 14/07/2022 ao 14/09/2022(ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 19 de xullo de 2022.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2208

VILALBA

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía número 2022-0510, de 4 de agosto, resolvíase aprobar as Cláusulas que han de rexer a licitación, polo procedemento de poxa aberta ("a la llana"), para o outorgamento de licenza de uso común especial por ocupación temporal e explotación de espazos de dominio público municipal durante as festas patronais de San Ramón e Santa María de Vilalba 2022.

Por medio do presente anuncio e de conformidade coa parte resolutiva do Decreto referenciado, procédese á publicación íntegra das Bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

O texto íntegro estará igualmente dispoñible no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Vilalba [<https://vilalba.sedelectronica.es>].

A Alcaldesa, María Elba Veleiro Fernández.

Vilalba, 4 de agosto de 2022.

CLÁUSULAS QUE HAN DE REXER A LICITACIÓN, POLO PROCEDUREMTO DE POXA ABERTA ("PUJA A LA LLANA"), PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZA DE USO COMÚN ESPECIAL POR OCUPACIÓN TEMPORAL E EXPLOTACIÓN DE ESPAZOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DE SAN RAMÓN E SANTA MARÍA DE VILALBA 2022 (EXPTE. 3267/2022).

CLÁUSULA PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto do presente documento é a regulación do procedemento para o outorgamento de licenzas de uso común especial de bens de dominio público para instalacións de expendición de bebida nos recintos de celebración das Festas Patronais de San Ramón e Santa María de Vilalba 2022.

Atendendo ás características da ocupación, as súas condicións e forma de retribución á Administración titular do ben, así como o fin de explotación a realizar, atopámonos ante un uso común especial a adxudicar mediante licenza, acorde co disposto no artigo 75.1b) en relación co 77.2 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño,

polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de conformidade co seu artigo 9.

Detectándose en consultas preliminares a existencia de varios operadores económicos interesados, sométese a un réxime de concorrencia ao estar limitado o número de licenzas, optándose, en atención ás características da licitación e posibles concorrentes, polo sistema de poxa aberta singularizada en lotes por barra ou instalación nos diferentes espazos habilitados.

CLÁUSULA SEGUNDA.- Instalacións.

As instalacións sobre o dominio público serán sempre desmontábeis e consistirán en diversas infraestruturas para prestar servizos integrados dentro da organización das festas.

Estas infraestruturas estarán situadas en distintos lugares do termo municipal onde vanse desenvolver actividades e eventos musicais, nomeadamente no Campo da Feira, na Praza da Constitución, na Praza de Santa María e na Área Recreativa da Madalena.

Especificacións comúns para todas as instalacións:

- Deberán contar con material de servizo para a atención dos asistentes axeitados ás demandas destes (vasos de diferentes tamaños e medidas, etc) así como a infraestrutura necesaria para a boa prestación do servizo de bebidas demandado (neveiras, refrixeradores, etc).
- Deberán contar con vasos retornables ou material sostible, co galo de reducir ou eliminar a produción de plásticos.
- Variedade do produto (bebidas tanto alcohólicas como non alcohólicas, refrescos, auga, zumes, etc)
- A iluminación das barras deberá ser adecuada ao servizo que se presta.
- Para a inserción de calquera anuncio e/ou publicidade deberá contar coa previa autorización do Concello de Vilalba, como entidade organizadora das festas patronais, agás os referidos ó propio adxudicatario.

CLÁUSULA TERCEIRA.- Duración da ocupación.

A duración da autorización será a determinada en cada un dos lotes, en correspondencia cos días das festas patronais e, en todo caso, o tempo que sexa necesario para montar e desmontar as infraestruturas físicas.

CLÁUSULA CUARTA.- Facultades e deberes. Obrigacións do adxudicatario. Condicións especiais de execución.

A autorización estará suxeita ás seguintes condicións:

- I. O Concello resérvase a facultade de inspeccionar os espazos obxecto da autorización, as instalacións e as súas dimensións, seguridade, hixiene, iluminación, etc., a través dos Servizos Técnicos Municipais.; así como de supervisar que os adxudicatarios cumpran coas condicións recollidas no presente documento e as das súas ofertas respecto ao servizo ofrecido, produtos, calidades, horarios, subministracións, prezos, etc.
- II. O Concello resérvase o dereito de modificar as localizacións dos espazos ante causas sobrevindas ou imprevistas, que en todo caso, atoparanse dentro do núcleo urbano e colindantes aos espazos de celebración dos concertos.
- III. Queda expresamente prohibido calquera uso distinto do previsto no presente documento dos espazos autorizados, así como o do subarrendamento, cesión, traspaso, ou alugueiro de calquera tipo e asumir calquera gravame ou servidume amparados en algunha figura xurídica similar, todo o anterior referido ao obxecto desta licitación. De producirse algún destes casos, a autorización administrativa quedará automaticamente resolta, sen dereito a rescate por parte do adxudicatario da cantidade económica depositada como fianza ou garantía e sen que proceda aboar indemnización.
- IV. Os adxudicatarios comprométese coa súa participación na licitación a:
 - a) Á asunción dos gastos de conservación, limpeza e mantemento dos espazos autorizados, así como o pago de impostos, taxas e resto de tributos pola actividade económica realizada, no seu caso. Tamén asumirá o compromiso de utilizar o ben segundo a súa natureza de dominio público e entregalo no estado en que se recibe.
 - b) Á previa obtención á súa costa de cantas licenzas, permisos e autorizacións requira o uso do ben ou o exercicio da actividade a realizar sobre o mesmo, incluída a montaxe e desmontaxe da instalación.
 - c) Á asunción da responsabilidade civil e danos a terceiros derivada da ocupación e explotación, debendo de contar cunha póliza de seguro de responsabilidade civil por valor mínimo de 150.000,00 €.
 - d) Ao pago do canon ofertado nesta licitación con anterioridade á ocupación dos espazos.
 - e) A teren instaladas as barras coa antelación suficiente para a correcta instrumentalización da autorización de dominio público; e a deixar libres e expeditas as instalacións, a disposición do Concello.
 - f) Deberá cumprir e facer cumprir durante o uso da autorización a normativa sobre Seguridade e Saúde e de

Prevención de Riscos Laborais. Así mesmo, os adxudicatarios estarán obrigados ao cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo. O incumprimento destas obrigas ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal designado polos adxudicatarios, non implicará responsabilidade algunha para o Concello. O persoal contratado para a prestación do servizo non terá ningún tipo de relación laboral e/ou contractual co Concello de Vilalba, non adquiríndose ningún tipo de prerrogativa ou dereito como consecuencia de dita contratación.

- g) Deberanse manter en perfecto estado as instalacións obxecto da autorización, con rigorosa observancia de todas as medidas hixiénico-sanitarias precisas, que deberán aplicarse, así mesmo, aos distintos aparellos a utilizar. Especificamente, deberán de dar cumprimento á normativa e protocolos vixentes no momento da ocupación dos espazos públicos, e durante o tempo de duración desta, en materia de seguridade, sanidade e saúde.
- h) Estará prohibida a venda de bebidas alcohólicas e tabaco a persoas menores de idade.
- i) Deberán sinalar un enderezo para os efectos de notificacións e comunicacións e un teléfono de contacto, onde se practicarán as mesmas.
- j) Non se poderán colocar cadeiras sen consultar á organización nas distintas zonas onde se coloquen as barras.

CLÁUSULA QUINTA.- Dereitos do adxudicatario.

Serán dereitos do adxudicatario:

Usar o ben de dominio público e solicitar do Concello, se é necesario, o mantemento da pacífica posesión contra calquera perturbación que de feito se lle cause.

A organización, o Concello de Vilalba, faise cargo de:

- A habilitación de espazos e instalacións para almacenaxe dos produtos de venda.
- A conexión eléctrica.
- A instalación e retirada de colectores de lixo.

CLÁUSULA SEXTA.- Órgano competente para o outorgamento da autorización ou licenza.

A competencia para o outorgamento das correspondentes autorizacións vén atribuída á Alcaldía polo artigo 21.1.q) da Lei 7/1985 do 2 de abril. Con todo, trátase dunha atribución delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto de Alcaldía n.º 2019-0375, do 2 de xullo.

Devandito órgano ten facultade para outorgar a autorización e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca a súa execución, modificala e acordar a súa resolución, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do autorizado á súa impugnación ante a Xurisdición competente.

CLÁUSULA SÉTIMA.- Procedemento de selección.

i. Atendidas as razóns que motivan a presente autorización, a selección do adxudicatario efectuarase mediante o sistema de poxa aberta ("puja a la llana"), a celebrar en acto público no Salón de Plenos do Concello de Vilalba, o día 16 de agosto de 2022, ás 12:00 horas. A poxa versará sobre un tipo expresado en diñeiro, con adxudicación ao licitador que oferte o prezo máis alto.

ii. Darase a publicidade adecuada ao procedemento de licitación da poxa, polo que o mesmo anunciarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios municipal [<https://vilalba.sedelectronica.es/board>], outorgando prazo para que todos aqueles interesados poidan solicitar a participación na poxa de conformidade co modelo que figura como anexo I, á que haberán de achegar a documentación seguinte:

A) Documentación acreditativa da personalidade xurídica do empresario.

- **A-1) Empresario individual:** Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.
- **A-2) Persoas xurídicas:**
 - Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.
 - Se non o for: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acta fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.
 - Fotocopia da tarxeta de Código de Identificación Fiscal (NIF).

- B) Documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello, e da Seguridade Social.
- C) Alta no IAE.
- D) Alta de autónomo na Seguridade Social, no caso de persoas físicas, e como Empresa con obxecto adecuado no caso de persoas xurídicas.

Prazo de inscrición previa. As solicitudes, xunto coa documentación preceptiva, poderán presentarse ata o día 12 de agosto de 2022 no Rexistro Xeral deste Concello, ou a través de calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

iii. **A Presidencia da Mesa requirirá aos licitadores admitidos, previa verificación da documentación administrativa, para que de viva voz formulen as súas posturas á alza da inicial. Non se admitirán propostas que non cubran o tipo de saída, debendo ser as poxas de 50 en 50 euros. As posturas continuarán ata que deixen de facerse proposicións, declarándose mellor rematante á licitación que realizase a postura máis alta.**

O remate final realizarase cando o Presidente da Mesa anuncie a oferta do mellor ofertante por tres veces sen que ningún dos outros ofertantes realice unha oferta que a supere.

Finalizada a poxa, a Mesa remitirá ao órgano competente, xunto coa Acta, a correspondente proposta de autorización.

Con carácter previo ao outorgamento da licenza a Administración requirirá ao empresario que puidese resultar adxudicatario para que achegue a documentación seguinte:

- Documento acreditativo do ingreso do canon (prezo final de remate) na conta titularidade do Concello de Vilalba con código IBAN ES96 2080 0148 6331 1000 0013.
- Xustificante de Póliza de Seguro de responsabilidade civil por danos aos concorrentes e a terceiros que cubra a actividade nas barras nas festas derivado da autorización e xustificante de pago.
- Acreditación da constitución da garantía sinalada na cláusula 9ª. A garantía poderá prestarse en efectivo mediante ingreso na conta anteriormente sinalada, aval bancario ou contrato de seguro de caución.

A non presentación en prazo da documentación indicada conlevará a desistencia á autorización demanial. As licenzas ou autorizacións outorgaranse polo órgano competente aos que resulten adxudicatarios da poxa pública, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Mesa da Poxa:

Constituirase e actuará para os efectos previstos no presente Prego, estando integrada polos seguintes membros:

Presidenta: Alcaldesa do Concello de Vilalba.

Vogal: Secretario do Concello de Vilalba.

Vogal: Interventora do Concello de Vilalba.

Vogal: Tesoureira do Concello de Vilalba.

Secretario: Un funcionario da Corporación.

CLÁUSULA OITAVA.- Limitación de autorizacións, espazos habilitados e tipos de saída.

Limítanse a ONCE (11) as autorizacións de uso común especial do dominio público, en réxime de concorrencia, para a instalación e explotación de barras de bar nas festas patronais desta localidade, e estarán situadas nos seguintes espazos do dominio público local:

ESPACIO HABILITADO 1: PRAZA DA CONSTITUCIÓN (San Ramón, Santa María, Día das Parroquias,...)

Características das instalacións e datas autorizadas.-Comprende a instalación (montaxe e desmontaxe) e explotación de 3 barras sen cuberta (mínimo de 9 metros e máximo 15 de longo) situadas nos soportais da Praza da Constitución para venda exclusiva de bebida, nos seguintes días e horarios:

- Mércores 31 de agosto, de 13.00 a 16.00 horas.
- Xoves 1 de setembro, de 13.00 a 16.00 horas, e de 22.00 a 05.30 horas.
- Sábado 3 de setembro, de 13.00 a 16.00 horas, e de 22.00 a 05.30 horas.
- Domingo 4 de setembro, de 13.00 a 16.00 horas, e de 22.00 a 00.00 horas.

LOTES:

- Lote 1: Localización 1.A. Tipo de saída 1.500€, mellorable á alza.
- Lote 2: Localización 1.B. Tipo de saída 1.500€, mellorable á alza.
- Lote 3: Localización 1.C. Tipo de saída. 1.500€, mellorable á alza.

**ESPACIO HABILITADO 2: CAMPO DA FEIRA (Concerto de Tanxugueiras e San Ramón)**

Características das instalacións e datas autorizadas.-Comprende a instalación (montaxe e desmontaxe) e explotación de 3 barras sen cuberta (barra rectangular de mínimo 9 metros e máximo 15 metros de longo por 4 metros de ancho con atención a clientes nos 4 laterais), situadas nos galpóns do Campo da Feira para venda exclusivamente de bebida, para os seguintes días e horarios:

- Martes 30 de agosto, de 22.30 a 03.30 horas.
- Mércores 31 de agosto, de 22.30 a 05:30 horas.

LOTES:

- Lote 4: Localización 2.A. Tipo de saída 1.500€, mellorable á alza.
- Lote 5: Localización 2.B. Tipo de saída 1.500€, mellorable á alza.
- Lote 6: Localización 2.C. Tipo de saída 1.500€, mellorable á alza.



ESPACIO HABILITADO 3: EXPLANADA PISCINA MUNICIPAL - ÁREA RECREATIVA A MADALENA (Xira)

Características das instalacións e datos autorizadas.-Comprende a instalación (montaxe e desmontaxe) e explotación de 4 barras con cuberta (barra rectangular de mínimo 9 metros e máximo 18 metros de longo por 4 metros de ancho con atención a clientes nos 4 laterais), para venda exclusiva de bebida, nos seguintes días e horarios:

- Sábado 27 de agosto, de 14.00 a 05.00 horas.
- Domingo 28 de agosto, de 14.00 a 20:00 horas.

LOTES:


- Lote 7: Localización 3.A. Tipo de saída 1.800€, mellorable á alza.
- Lote 8: Localización 3.B. Tipo de saída 1.800€, mellorable á alza.
- Lote 9: Localización 3.C. Tipo de saída 1.800€, mellorable á alza.
- Lote 10: Localización 3.D. Tipo de saída 1.800€, mellorable á alza.



ESPACIO HABILITADO 4: PRAZA DE SANTA MARÍA (Concerto Manu Chao)

Características das instalacións e datas autorizadas.- Comprende a instalación (montaxe e desmontaxe) e explotación dunha barra con cuberta (mínimo 12 e máximo 15 metros de longo) para venda exclusiva de bebida, na seguinte data e horario:

- Venres 2 de setembro, de 22.30 a 01:00 horas.
- Lote 11: Localización 4. Tipo de saída 500€, mellorable á alza.



CLÁUSULA NOVENA.- Garantía.

O autorizado deberá constituír unha garantía definitiva a favor do Concello de Vilalba por importe do 10% do importe do canon á alza ofertado, a cal se deberá achegar xunto coa documentación establecida na cláusula 7ª. De incumprirse entenderase que o licitador retirou a súa oferta.

Esta garantía responderá de posibles afeccións de mantemento, conservación e limpeza que puidesen producirse no espazo habilitado para a instalación da barra durante as tarefas de montaxe e desmontaxe, así como durante a celebración das festas patronais e devolverase unha vez finalizase a celebración das festas, e emitido o informe municipal de inspección con conformidade.

En caso de incautación, o importe das tarefas de mantemento, conservación e limpeza deducirase da garantía, previo expediente tramitado para o efecto, no que se garantirá a audiencia ao interesado. Será responsabilidade do autorizado coidar do estado en que se devolva o dominio público, non podéndose alegar como causa de exoneración a intervención de terceiros.

CLÁUSULA DÉCIMA.- Infraccións e sancións.

Considerarase falta toda acción ou omisión por parte do autorizado que supoña a vulneración das obrigacións establecidas no presente documento e, demais normas de xeral aplicación. As faltas clasifícanse en leves, graves ou moi graves, atendendo ás circunstancias concorrentes e ao maior ou menor prexuízo que se cause ao funcionamento da explotación.

1º.- Consideraranse faltas leves aquelas cualificadas así en calquera das cláusulas do presente documento, e en particular as seguintes:

- a) A falta de ornato e limpeza no establecemento ou a súa contorna.
- b) A falta de exposición en lugar visible para os usuarios, veciños e axentes da autoridade do título habilitante para o exercicio da actividade e do plano de detalle.
- c) Almacenar ou amontoar produtos, envases ou residuos na zona de dominio público excluída da concesión.
- d) A deterioración leve nos elementos do mobiliario e ornamentais urbanos anexos ou lindeiros ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto da autorización.

2º.- Consideraranse faltas graves aquelas cualificadas como tales en calquera das cláusulas do presente documento, e en particular, as seguintes:

- a) A ocupación de maior superficie da autorizada en máis do 10 e menos do 25 por cento.
- b) A produción de molestias acreditadas aos veciños ou transeúntes derivadas do funcionamento da instalación.
- c) A falta de presentación do título habilitante para o exercicio da actividade e do plano de detalle aos axentes da autoridade ou funcionarios competentes que o requiran.

- d) A colocación de publicidade sobre os elementos de mobiliario, sen a correspondente autorización municipal.
- e) A emisión de ruídos por encima dos límites autorizados. Igualmente, considerarase falta grave a reiteración ou reincidencia nunha mesma falta leve ou a comisión de tres faltas leves.
- 3º.- Consideraranse faltas moi graves, aquelas cualificadas como tal en calquera das cláusulas do presente documento, e en particular, as seguintes:
- a) A desobediencia aos lexítimos requirimentos dos inspectores e autoridades.
- b) O exercicio da actividade en deficientes condicións.
- c) A venda de artigos en deficientes condicións.
- d) O servizo de produtos alimentarios non autorizados.
- e) Incumprir as condicións técnicas de instalación e dotacionais sinaladas na autorización.
- f) A ocupación de superficie maior á autorizada en máis do 25 por cento.
- g) A produción de molestias graves aos veciños ou transeúntes derivadas do funcionamento da instalación por incumprimento reiterado e grave.
- h) Dedicación da instalación a uso distinto dos especificamente sinalados no presente documento, sen previa autorización municipal, se procedese.
- i) Non atender coa debida dilixencia a conservación do dominio público ocupado, mesmo en épocas en que estea autorizado a permanecer pechado.
- j) Subrogar, arrendar, subarrendar ou ceder en todo ou en parte a explotación. Igualmente, considerarase falta moi grave a reiteración ou reincidencia nunha mesma falta grave ou a comisión de 3 faltas graves.
- As faltas leves sancionaranse con multa de ata 150,00 euros.
 - As faltas graves sancionaranse con multa de ata 1.000,00 euros.
 - As faltas moi graves sancionaranse con multas de ata 6.000,00 euros, a intervención do servizo ou coa rescisión da autorización.

Transcorrido o prazo fixado para o ingreso da sanción económica sen que esta fixése efectiva polo autorizado, o Concello procederá á súa cobranza en vía de constrinximento coa recarga correspondente. Todas as sancións, imponse antes de ditarse resolución, darase audiencia ao interesado, por termo de dez días, con vista das actuacións.

CLÁUSULA UNDÉCIMA.- Xurisdición competente.

Este procedemento ten carácter administrativo e o órgano competente ten a facultade de resolver cantas cuestións suscítense durante a vixencia da autorización, sobre a súa interpretación, modificación, efectos e extinción, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos sinalados na Lei. As resolucións que dite o órgano competente no exercicio das súas prerrogativas serán inmediatamente executivas, poñendo fin á vía administrativa. Contra estas poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a aquel da notificación da resolución ou ser impugnado directamente ante a Xurisdición contencioso-Administrativa.

CLÁUSULA DUODÉCIMA.- Resolución da autorización.

No caso de non celebrarse algún dos eventos das Festas Patronais por decisión da organización do mesmo, motivada por razóns sanitarias e/ou de seguridade, non procederá indemnización ningunha ó adxudicatario. Neste caso procederase a devolución do canon abonado.

ANEXO I
Solicitud/Inscripción previa

LICITACIÓN, POLO PROCEDIMIENTO DE POXA ABERTA (“A LA LLANA”), PARA O OUTORGAMENTO DE LICENZA DE USO COMÚN ESPECIAL POR OCUPACIÓN TEMPORAL E EXPLOTACIÓN DE ESPAZOS DE DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DE SAN RAMÓN E SANTA MARÍA DE VILALBA 2022.

(PERSONA FÍSICA)

D./D^a con DNI., domicilio en , teléfono e correo electrónico , actuando en nome propio

(PERSONA XURÍDICA)

D./D^a con Documento Nacional de Identidade núm. actuando en nome da empresa con CIF....., domicilio en , teléfono e correo electrónico , da que actúa en calidade de (administrador único, solidario ou mancomunado ou apoderado solidario ou mancomunado) segundo Escritura de constitución/poder/elevación a público de acordos sociais, Núm. de protocolo outorgado por , con data.....na cidade de.....,

Visto o Prego que rexe a adxudicación de licenza de uso común especial, mediante poxa, para instalación de expendición de bebida nos recintos de celebración das Festas Patronais de San Ramón e Santa María de Vilalba 2022, aceptando integramente o seu contido, e a efectos de participar no citado procedemento, solicita ser admitido/a a participar na poxa convocada, achegando para o efecto, a documentación a continuación exposta:

A) Documentación acreditativa da personalidade xurídica do empresario.

- A-1) Empresario individual:** Fotocopia do NIF, pasaporte ou documento que o substitúa.
- A-2) Persoas xurídicas:**
 - Escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.
 - Se non o for: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acta fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.
 - Fotocopia da tarxeta de Código de Identificación Fiscal (NIF).

B) Documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda do Estado, da Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello, e da Seguridade Social

C) Alta no IAE

D) Alta de autónomo na Seguridade Social, no caso de persoas físicas, e como Empresa con obxecto adecuado no caso de persoas xurídicas.

En , a de agosto de 2022

MINISTERIO DE FACENDA
BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) XERMADE

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS POR CLASIFICACIÓN NO X TROFEO "D. MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ"

BDNS (Identif.): 642345

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/642345>)

ASUNTO: CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS POR CLASIFICACIÓN NO X TROFEO "D. MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ"

A Xunta de Goberno Local do Concello de Xermade, na sesión extraordinaria celebrada o 29/07/2022, aprobou as bases e a convocatoria que se transcriben de seguido:

"CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE PREMIOS POR CLASIFICACIÓN NO X TROFEO "D. MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ"

O Concello de Xermade, no marco da Lei 7/85 do 2 de Abril Reguladora das Bases de Réxime Local, ten atribuídas competencias polo artigo 25.2 m) "Actividades ou Instalacións Culturais e Deportivas: ocupación do tempo libre; Turismo", e en desenvolvemento de tales competencias, a concesión de premios por clasificación no X Trofeo de fútbol "D. Manuel González Fernández".

A normativa aplicable será:

Bases de execución do Concello de Xermade, exercicio 2022

Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local

Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións

Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia

Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Xermade

En tal sentido considérase preciso ditar normas, así como estruturar e fixar obxectivos, polas esixencias de axustarse aos principios de igualdade, publicidade, transparencia, obxectividade, eficacia, eficiencia e non discriminación (art. 8.3. da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións) na concesión de premios aos deportistas segundo a clasificación no X Trofeo de fútbol "D. Manuel González Fernández", con cargo aos orzamentos municipais do exercicio 2022.

Artigo 1.- Obxecto e ámbito de aplicación.

Poderán participar os equipos con sede no municipio de Xermade que estean federados. Os xogadores deberán ter a ficha actualizada.

Quedan fóra do ámbito de aplicación da presente convocatoria as solicitudes que difiran do anteriormente exposto.

Os premios por clasificación serán os seguintes:

1º clasificado: 600 euros

2º clasificado: 525 euros

3º clasificado: 475 euros

4º clasificado: 450 euros

O trofeo xogarase os días 13, 14, 20 e 21 de agosto nos campos de fútbol de Roupar, Xermade, Cabreiros e Cazás.

A Federación Galega de Fútbol rexerá o trofeo; os cambios serán os que especifica o regulamento (cinco) e en caso de empate na eliminatoria, resolverase na tanda de penaltis. En caso de dúbida, resolverá a Federación Galega de Fútbol.

Artigo 2.- Documentación para a formalización das solicitudes de premios económicos.

Os equipos que desexen participar deberán presentar:

- Impreso de solicitude (segundo modelo facilitado polo concello), asinado polo representante do equipo
- Certificado da conta bancaria na que desexen que se lles ingrese o premio

A documentación presentárase antes do 12 de agosto de 2022 no Rexistro Municipal do Concello de Xermade.

Artigo 3.- Procedemento de concesión, resolución e pago.

A forma de concesión será en base á clasificación da proba elaborada pola Federación Galega de Fútbol, de maneira que se premiasen aos/ as clasificados/ as da competición consonte ao exposto no artigo 1.

Recibida a clasificación da Federación, a concelleira delegada de deportes elaborará un informe para a concesión dos premios correspondentes. O abono dos premios deportivos materializarase mediante transferencia bancaria á conta bancaria que conste coa documentación entregada polo beneficiario.

O prazo máximo para a adopción de acordo por Resolución da Alcaldía-Presidentencia da concesión de premios, obxecto desta convocatoria, será de trinta días desde a data de celebración.

Con carácter previo ao abono dos premios comprobarase de oficio pola Tesouraría municipal que os beneficiarios se atopan ao corrente coas obrigas tributarias e seguridade social.

Artigo 4.- Dotación orzamentaria.

Destínase un crédito de 2.050,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 177.342.489, financiados íntegramente con cargo ao Plan Único 2022, programa de actividades deportivas.

Artigo 5.- Obrigas dos beneficiarios.

Os/as beneficiarios/ as de premios do X Trofeo de fútbol "D. Manuel González Fernández" quedarán obrigados/as ao sometemento ás actuacións de comprobación que crea convenientes o órgano interventor do Concello de Xermade.

Os custes de arbitraje serán a cargo dos equipos participantes, así como o resto dos custes de organización do evento.

Artigo 6.- Publicidade e notificación dos premios.

A concesión dos premios publicarase na páxina web do Concello de Xermade, na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios. Así mesmo, darase conta á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Segundo o artigo 45.1. B da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a publicación da Resolución no taboleiro de anuncios do concello substituirá á notificación fornecendo os súas mesmos efectos.

Artigo 7.- Réxime de infraccións e sancións.

En materia de infraccións e sancións administrativas, estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións, e Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia.

Disposición final primeira.

A presentación de solicitude de premio, implica o coñecemento e aceptación destas Bases, da Ordenanza Xeral Reguladora de Subvencións do Concello de Xermade, e da Lei 38/2003, do 17 de novembro Xeral de Subvencións, e Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia, así como cantas normas sexan de aplicación a este tipo de subvencións, tanto de carácter directo como subsidiario.

Disposición final segunda.

Para o non regulado nestas bases, estarase ao disposto na Ordenanza Xeral Reguladora de Subvencións do Concello de Xermade, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o seu Regulamento, e Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de Subvencións de Galicia e o seu Regulamento, na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Xermade, 1 de agosto de 2022.- O Alcalde-Presidente, Roberto García Pernas.

R. 2212